



Máis información:  
[ceafa.es/red-de-agentes](http://ceafa.es/red-de-agentes)



POR SOLIDARIDAD  
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



Autora: Lourdes Bermejo. Membro do Panel Asesor en materia e Investigación de CEFAA

# DECÁLOGO

a unha persoa con demencia desde o modelo da

## Atención Integral e Centrada na Persoa



POR SOLIDARIDAD  
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL





O modelo de Atención Integral e Centrado na Persoa permítenos **identificar, comprender e axudar a satisfacer as necesidades da persoa con demencia:**

as de carácter **físico, psicolóxico, afectivo, social e espiritual.**



**A atención ás persoas con demencia ha de estar orientada ao seu benestar integral e calidade de vida,**


prestándolles apoios para que poidan facer o que desexan e axudándolles a conseguir os seus propios obxectivos no momento presente. **Adaptándonos á súa situación e á evolución da enfermidade,** e independentemente de que no futuro esta cambie.



**Hai que escoitar activamente o que expresa a persoa con demencia,** e dado que chegan a ter grandes dificultades para facelo verbalmente, é imprescindible **aprender a observar e a interpretar correctamente os xestos e comportamentos** de cada persoa e o que desexa comunicar ou necesita en cada momento.



É determinante que a persoa con demencia **dispoña dunha contorna física estimulante, segura, recoñecible** como un fogar **para facilitar a súa orientación,** e, por tanto, que lle permita optimizar as súas capacidades mantendo a súa iniciativa (autonomía decisoria) e a súa capacidade para valerse por si mesma (independencia funcional), tanto como sexa posible.



**Esta contorna habilitante -física e humana- debe permitirlle á persoa, desenvolverse con liberdade** e atopar, segundo as súas capacidades e desexos, oportunidades para **realizar tarefas cotiás, desempeñar roles, participar en actividades** valiosas e significativas, e **sentirse integrada** no grupo de persoas coas que convive.



**É necesario que a persoa con demencia viva relacións humanizadoras, de respecto e afecto.**

Iso supón evitar mensaxes e comportamentos que lle fagan sentir mal. É clave esforzarse por darlle mensaxes (verbais e corporais) que lle fagan sentirse unha persoa **comprendida, querida e apreciada,** interesándonos polo que comunica e ofrecéndolle expresións de afecto e agarimo.



**Debemos tratar de comprender a difícil experiencia de vivir con esta enfermidade**

que xera desorientación, inseguridade, perda de autoestima, medos, etc. E, desde esta mirada, ofrecerlles relacións e contextos de vida que permitan a cada persoa con demencia, **ter unha vida o máis agradable e con menos sufrimento posible.**



É probable que necesitamos **desaprender formas de pensar e de actuar e aprender outras novas que axuden a mellorar a vida e a convivencia** coa persoa con demencia, e que todos poidamos ter unha vida mellor. É positivo aceptar que non sempre temos o coñecemento ou as habilidades concretas para facer o mellor posible para cada persoa en cada momento.



**Deberíamos valorar e apoiar máis as persoas que apoian ou coidan a persoas con demencia** (familiares, amigos ou profesionais), compartindo tempo, tarefas e responsabilidades para **favorecer o autocoidado das persoas coidadoras.**



**A dignidade e os dereitos das persoas con demencia han de ser recoñecidos e promovidos** no día a día, independentemente das circunstancias ou dos efectos que a enfermidade provoca, e iso lógrase, entre outros, **tratando de poñer en práctica os puntos anteriores.**